

O SANTUARIO WEB DAS PALABRAS

➤ O escritor Isidro Novo leva cinco anos recollendo vocabulario galego excluído dos dicionarios ➤ A AELG salva un milleiro de termos da súa desaparición grazas á aplicación das novas tecnoloxías nestas iniciativas

IV

Palabras con Memoria é unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coa colaboración da área de Cultura da vicepresidencia primeira da Deputación Provincial de Lugo, que ten por obxecto recuperar palabras nosas en desuso ou en perigo de extinción; palabras e expresións que non recollen os dicionarios.

A idea nace dunha proposta do escritor Isidro Novo, que a finais de 2006 se puña en contacto coa AELG. “O proxecto púxose en marcha e comezou tendo presenza na prensa, desde onde se animaba ao lector a colaborar enviando palabras en desuso, aínda que despois perdeu forza” dixo Novo. “Tamén fomos por xeriátricos e escolas para recoller léxico dos avós galegos”.

Novo tamén apunta a que a perda do léxico nos dicionarios é debida a que “a pesar de que é obvio que o galego subsistiu a través rural, mentres que a xente que elaborou os dicionarios –aínda que licenciados en Filoloxía– eran urbanitas”.

Así, a través dun traballo de investigación e de colaboración cidadá, este glosario de *Palabras con Memoria* constitúese, a día de hoxe, con máis dun milleiro de entradas.

O glosario, mensualmente actualizado, pódese consultar en Aelg.org/GoToWordsWithMemory.do. Ademais de consultalo, o visitante da web poderá enriquecelo enviando os vocábulos que teña arrombados no faio da lembranza ao enderezo palabra.con.memoria@aelg.org.

É un proxecto que aposta pola revitalización e repoboación do noso agro, e a recuperación do nome dos produtos que nel se daban e quizais se volvan dar. Porque as novas xeracións non saben o que é unha saborosa camoesa ou un delicioso peruco e en troques coñecen a encerada *red winter* e a insípida *golden* que lles venden no supermercado.

“Este é un traballo que está na web, pero é moldeable a calquera formato no que se queira editar”, declarou Novo.



Novo promove 'Palabras con Memoria'. > EP

Algunhas das palabras

Bangalúas Vago, preguizoso, nugalán. Escoitada na zona de Pantón e Monforte de Lemos.

Escutrido Dise dunha persoa escrupulosa. Zona de Cervo.

Ir de boria Ir de festa na área de San Vicente e da Baña.

Mingos furrias Apelativo que se lle dá para mofarse a alguén con aspecto débil. Típico da zona de Amoeiro, en Ourense.

Tarabela Aeroxerador para o sureste do municipio de Lalín.